

ENFIANDO

DA GRIPE E OS SEUS
ARREDORES

Texto Francisco X.
Fernández Naval
Escritor



Estes días pasados vinme golpeado pola gripe, postrado no leito, vencido por febres altas, atarecido en noites de suores e frío. Antes as gripes viñan ben para estar dous ou tres días deitado, para interromper a monotonía diaria e aproveitar para ler. Agora, estes virus novos que resisten campañas de vacinación, transformaron o antigo pracer nun sufrimento grande e o que antes era tres días de repouso e dous sen saír da casa, xa sen febre, transformouse en quince ou vinte días de debilidade.


Lin case todo Kafka en gripes sucesivas e lembro que hai anos, por unha lectura gripal, aprendín que a orixe remota do noso románico –ese estilo que tan ben nos vai ós galegos e que segundo Otero, xunto co barroco e a cultura castrexa, explica o noso ser– estaba no hoxe desprezado e arruinado Afganistán, concretamente nos avances e solucións arquitectónicas concibidas durante a primacía da dinastía sasanida, que axiña pasarían a Bizancio –catedral de Santa Sofía– e dende aí á nacente Europa. Desta vez, superada a febre e recuperada a capacidade de lectura, aprendín, nunha biografía do tempo, que a palabra campá vén de campo e campesiño e lembra o período no que o ritmo de vida dos labregos era marcado polas horas de oración dos mosteiros, transmitidas a aldeas, lameiros e searas por medio das campás.

Aprendín tamén que un dos inventos fundamentais da humanidade, o humilde resorte espiral –o muelle castelán–, ten orixe anónima e nada se sabe do seu descubridor. Aínda que nos dea a impresión

de que aparello tal sempre estivo aí, a espiral metálica como innovación tecnolóxica aparece no século XV e vai permitir dende a fabricación de reloxos de peto, ata a revolución do armamento e a evolución da maquinaria. Obsérvase que o do reloxo de peto supuxo que o tempo, de ser colectivo, marcado pola campá da torre, pasase a ir canda un, facéndose individual, aínda que eu penso que nese momento a sensación de fragilidade do home debeu aumentar, xa que levar o tempo no peto e convivir a cotío coa súa velocidade, suporía evidenciar o efémero.

“Ter un lector, un só lector fiel e atento, é suficiente para xustificar a vida dun escritor”

Poucos días antes da gripe estive nun instituto de Ferrol, compartindo unha hora, que tamén é tempo, cun grupo de alumnos, lectores, supoño que obrigados, dun libro meu. Faleilles, falamos de moitas cousas: dos camiños de peregrinación a Compostela e a Fisterra, de mitos e de lendas, da novela “O Señor dos aneis”. En realidade faleilles das películas que forman a triloxía do “Señor dos aneis” e sobre todo da segunda –“As dúas torres”– e tratei de facerlles ver que tamén nós, os galegos, estamos incluídos nesa historia que recolle toda a mitoloxía de



Europa. Cando a cidade de Helm, defendida polo rei e por Aragorn está a piques de caer baixo o poder de trolls e de orcos, sobre un outeiro aparece a figura dun home, vestido de branco sobre cabalo branco: “Contemplade o cabaleiro branco” berran os defensores. É Gandalf, o mago, que chega con reforzos e que se lanza, outeiro abaixo, contra os inimigos escuros. Rompe o día e a luz que emana do cabaleiro desfai as sombras. Dicialles eu ás rapazas e rapaces do instituto que esa figura lembra á de Santiago na batalla de Clavijo, imaxe fundamental da estética hispánica, hoxe retirada dos altares porque é esa intervención a que deu orixe á lenda do Santiago matamouros, e non estamos para celebrar o de matar a ningún. Pero é posible que Tolkien recollera a lenda relixiosa, facendo cabalgar a Gandalf coma se fora o apóstolo, liderando un exército de liberdade.

Pensaba nisto nos días da gripe porque no instituto atopei un lector, un rapaz que non lera só o libro recomendado pola profe, senón que coñecía outros libros meus, que tamén lle gustaran e consideraba eu, alterado pola febre, que ter un lector, un só lector fiel e atento, é suficiente para xustificar a vida dun escritor. E quedei tan contento con esta reflexión, que me sentou tan ben coma o antigripal efervescente que tomaba cada catro horas. Para el, para o lector, vai este artigo.